

|                             | Plan de Biblioteca                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | Plan Anual de Biblioteca                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|-----------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Que é?</b>               | É un documento do centro que recolle o plan de traballo da BE. A súa finalidade é a promoción da BE como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Ten que favorecer ao desenvolvemento do PLEA e o uso, por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | É a <b>concreción anual</b> dese plan e traballo.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| <b>Onde está recollido?</b> | Forma parte do <b>Proxecto Educativo do Centro</b> .                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | Forma parte da <b>Programación Xeral Anual (PXA)</b> .                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>Quen o fai?</b>          | A <b>persoa responsable da biblioteca escolar</b> deseñará o Plan de Biblioteca, en colaboración coa <b>xefatura de estudos</b> e o <b>equipo de apoio</b> á biblioteca.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Será deseñado <b>pola persoa responsable da biblioteca escolar</b> en colaboración coa <b>xefatura de estudos</b> e o <b>equipo de apoio</b> á biblioteca.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>Estrutura</b>            | <p>A estrutura do Plan non é ríxida. Incluirá, como mínimo, os seguintes elementos recollidos nas Ordes que desenvolven os currículos</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. <i>Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.</i></li> <li>2. <i>Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á organización e a xestión da biblioteca, á formación de persoas usuarias, á contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e ao fomento da lectura.</i></li> <li>3. <i>Obxectivos dos que se especificarán indicadores.</i></li> <li>4. <i>Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.</i></li> </ol> | <p>A estrutura non é ríxida, mais deberá contemplar, cando menos, o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Obxectivos dos que se especificarán indicadores</li> <li>2. Actuacións</li> <li>3. Recursos humanos e horario previstos</li> <li>4. Avaliación e difusión</li> </ol> <p>Tanto os obxectivos como as actuacións e a avaliación deberán estar en relación coa organización e xestión, coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa formación das persoas usuarias e a adquisición da competencia informacional, co fomento da lectura, co desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información e en relación con outras actuacións (biblioteca inclusiva, implicación das familias e comunidade educativa, redes desde a biblioteca escolar etc.).</p> |
| <b>Vixencia</b>             | O Plan de Biblioteca, canda o PEC, ten unha vixencia de catro anos. Aínda así, poderanse facer outras actualizacións para adaptarse aos cambios que vaia experimentado a biblioteca escolar e o centro.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | O Plan Anual de Biblioteca ten unha vixencia dun curso escolar.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>Bibliotecas PLAMBE</b>   | Todas as bibliotecas que forman parte do Plambe elaboraron un proxecto para incorporarse a este programa. Este proxecto correspóndese co Plan de Biblioteca e, como tal, deberá incorporar as necesarias actualizacións derivadas da adaptación á lexislación vixente e á realidade actual da nosa biblioteca e do noso centro.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | As liñas prioritarias que para cada curso elaboran as bibliotecas Plambe correspóndense co Plan Anual de Biblioteca.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |